

# QUEDAMOS NA PRAZA

Informe sobre prazas do barrio 1º parte  
marzo 2022



PROXECTO VOZ NATURA


ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL MONTE ALTO

Curso 2021-2022

Quedamos na praza, é unha invitación para poñer en valor os espazos que serven de lugar de encontro e xogo semanal cando o tempo de escola finaliza

Propuxemos recoller información que nos facilitase coñecer os aspectos que valorades á hora de escoller estes espazos públicos, e ao mesmo tempo deseñar unha proposta de actividades para cada unha destas prazas como espazos de encontro que prolongan a convivencia da escola. Prazas de diferente tamaño, forma, dotacións, agrandan as oportunidades de lecer e porqué non, tamén de interese polos recursos naturais ( fauna e flora) que nela se localizan.

**Información recollida de 28 enquisas.**



# Obxectivos



Potenciar e fomentar o gusto e o respecto pola natureza na contorna urbana.

Coidar da nosa contorna máis próxima en especial das prazas e xardíns do barrio de Monte Alto.

Gozar da natureza, da nosa escola, así como do noso barrio sentíndonos responsables do seu coidado.

Coñecer e gozar en grupos familiares das prazas, identificando en cada unha delas a flora e fauna máis habitual.

Observar o desenvolvemento das plantas ao longo das estacións e adquirir hábitos básicos de coidado.

Festexar as celebracións da natureza nas prazas, descubriendo como a meteorolóxica inflúe no desenvolvemento da natureza e no nosos hábitos.



# Preguntas relacionadas coas prazas.

Que praza ou prazas do barrio preferides para o xogo- tempo libre familiar?

Que característica valorades máis deste espazo?

É frecuente que cambies de praza? Hai algún factor que o determina.

Das seguintes prazas e espazos verdes do barrio de monte alto indica as que frecuentades e si é posible sinalar cal crees que é a característica que mellor a define.

- Praza dos Avós
- Praza do Parque
- Praza do Tren
- Praza do Reloxo
- Campo de Marte



# En xeral, os aspectos que valorades máis no momento de escoller unha ou outra praza son:

- **Seguridade.**
- **Proximidade ao mar. Espazos verdes.**
- **Proximidade de casa.**
- **A cantidade de xente.**
- **Calidade dos xogos. Bo mobiliario. Xogos adaptados á idade.**
- **Nenos e meniñas da mesma idade. Zona de encontro con nenos e meniñas. Socialización.**
- **Interactuar con outros nenos/as que xa coñece.**
- **Espazo que permita diferentes actividades.**
- **Asollado e sombra para o verán.**
- **Natureza.**
- **Espazo pechado aos coches. Ausencia de coches.**
- **A tranquilidade, limpeza e coidado.**
- **A amplitude, a natureza.**
- **Son de paxaros .**
- **Zona verde.**

- **Zona de xogos.**
- **Aire, despexado.**
- **Espazos abertos.**
- **Instalación para nenos. A diversidade de posibilidades de xogo na mesma área.**
- **A vida social, dun membro menor da familia para estar con compañeiros/as (ou que outro opina).**
- **O mobiliario que posibilita facer a merenda.**
- **Andar pola herba.**



Praza da Leña  
Paseo Marítimo

Praias  
Praia das  
Amorosas  
Praia das Lapas

Fóra do barrio  
Rosales  
Castrillón

Praciña Expedición Balmis (Domus)  
Vistas ao mar, paz, os banquiños.

Parque da Cúpula. Espazo coidado

# SON ESPAZOS FRECUENTES

Parque da Torre (diversidade  
de espazos: xogos, área,  
herba árbores...)

ESPAZOS  
NATURAIS  
de xogo e lecer



# Campo de Marte

Moita zona de xogo e árbores  
Saturación de xogos infantís  
Sucia  
Non ten coches preto, moi de valorar.  
Hai parque infantil  
Espazo libre para correr entre as árbores recoller paus e folla.  
Árbores que precisan arranxos  
Árbores e casas baixas  
Amplitude.  
Xogos infantís. Balancín  
Xogos para pequenos e ser pechados  
Moito espazo para gozar da natureza

Verde  
Amplitude.  
Espazo verde con árbores.  
Sen coches.  
Espazo amplo e seguro.  
Son dos paxaros.  
Parque moi sombreado.  
Vexetación bonita.  
Énchese de xente.  
Espazosa e con variedade de xogos.  
Zona verde e de xogo.  
Moi deteriorado o mobiliario e o chan.  
Ten fochas e cando chove fórmanse charcos.  
Frecuentes caídas.  
É importante polo encontro con amizade.  
Abarrotado




# Praza do Reloxo

Soleada  
Pola posta de sol  
Moi ampla e asollada .  
Poucos xogos para cativos  
As árbores dan moito xogo (sombra polo verán)  
Non chega a saturarse como outras  
Pequena zona de xogos  
Espazo aberto  
Aparellos para usos dous máis pequenos  
Natureza  
Amplitude  
Localización preto do mar. Vistas do mar.  
Xogos para pequenos e ser pechados  
Ou sol, dous poucos que ten sol pola tardiña  
Asollada con posibilidade de xogos fose do parque



Zona verde e de xogo  
A proximidade de casa.  
O encontro con xente coñecida  
Árbores  
Coincidir con nenos e meniñas da escola  
É o seu parque





# Praza do Parque

Tranquila

Venteada

Parque para nenos e nenas máis grandes.

O Espazo libre non convida moito a quedar alí.


Espazo aberto

Aparellos para usos dous máis pequenos

Recollida.

Proximidade a casa

Non se concentran demasiados nenos/as.



# Praza dos Avós (Biblioteca)

Desperdiada

Mal orientada espazo desperdiado e sen xogos infantís

Espazosa con servizos biblioteca.

Biblioteca e actividades musicais.

Ou espazo verde non está moi pensado para o gozar dos nenos.

Os martes imos a biblioteca e aproveitamos para merendar alí e xogar un intre.

Aos nenos gústalles andar pola herba ao lado do lago.

Pola biblioteca.

Tranquilidade.


Espazo para corre.r

Ten espazo que non é só para columpios.



# Praza do Tren

Curriña no centro do barrio.  
Zona de xogo.  
Desnivel por un lado.  
Preto da escoliña.  
A mesa do tren permite facer unha merenda.  
Está ben para os máis pequenos.  
Moi encaixada entre o tráfico.  
Íntima e recollida.  
Proximidade coas familias.  
Interactuar con nenos que coñece.  
As sementes das árbores  
Xogos para pequenos e ser pechados.  
As randeeiras están moi adaptadaos a idade ( aínda que aos papás non nos gusta).



# O QUE ESTAMOS A PREPARAR

**ACTIVIDADES MUSICAIS PARA IDENTIFICAR E XOGAR EN CADA PRAZA.**

**XOGOS DE GRUPO.**

**CONTOS E POEMAS PARA CADA PRAZA.**

**NOMES DE ÁRBORES E PLANTAS máis destacadas.  
COIDADOS**

**NOME DE AVES E INSECTOS**

**IDENTIFICACIÓN.  
NIÑOS nas árbores**



**PROXIMAMENTE MÁIS INFORMACIÓN**



# NATUREZA

## uedamos na Praza

# FLORA E FAUNA